

**DATA REMATE: 07/05/2016**

## **Contía da Subvención:**

Maximo 45% dos orzamentos elixible que estarán entre 10.000 € e 300.000 €. Subvencionan investimentos de primeira man, obras, maquinaria, terreos, patentes, gastos de constitución...

## **Beneficiarios:**

As pequenas empresas, titulares de explotación agrarias con rexito do Reaga ou familiares ata terceiro grao de consanguinidade ou afinidade que residan nelas, emprendedores que residan en Galicia (excepto os perímetros urbanos de Lugo, Ourense, Santiago, Pontevedra, Ferrol, A Coruña e Vigo)

Non poderán ser beneficiarias as agrupacións de persoas xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade que careza de personalidade xurídica propia, así como as persoas xurídicas que non teñan ánimo de lucro, aínda que realicen actividade económica.

Non poderán ser beneficiarias das axudas previstas nestas bases reguladoras as empresas que operan no sector da pesca e da acuicultura nin subvencionarase as actividades agrícolas

## **Requisitos Beneficiarios:**

Os investimentos dos proxectos:

- Non deben estar iniciados antes da solicitude. O persoal técnico da Agader comprobará este requisito. Se o investimento consiste exclusivamente na compra de maquinaria e/ou equipamento, non será necesario acreditar que o proxecto non está iniciado nos termos expostos.
- Sexan viables técnica, económica e financeiramente.
- Nos proxectos de ampliación e/ou modernización dunha actividade económica xa existente, o investimento proxectado deberá mellorar o rendemento global da empresa solicitante en calquera dos aspectos que se especifican na resolución de convocatoria desta axuda
- Nos proxectos de creación dunha pequena empresa, será requisito necesario acreditar a xeración de emprego equivalente, cando menos, a unha unidade de traballo anual. Para estes efectos, enténdese por xeración de emprego a creación de novos postos de traballo fixos, eventuais, a tempo parcial ou a tempo completo, independentemente do réxime laboral que os regule.
- No caso de empresas con actividade preexistente, deberán, polo menos, manter o emprego existente na dita empresa (computado en UTAS) no momento da solicitude da axuda.

## **Actividades subvencionables**

Con carácter xeral, serán subvencionables os proxectos destinados á creación, ampliación e/ou modernización de pequenas empresas que desenvolven actividades non agrarias nos seguintes sectores e ámbitos de actividade: Industrias, fábricas e locais destinados á produción de bens e materiais (agás a relacionads coa madeira como materia prima ou fonte de enerxía nas que só se subvencionan a segunda transformación). Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, cando o produto final do proceso de transformación e/ou comercialización derivado dos investimentos non estea incluído no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE). Exclúiranse aqueles proxectos cun orzamento subvencionable superior a 30.000 €. Prestación de servizos en calquera sector económico, con exclusión das empresas de servizos de maquinaria agrícola e forestal e das empresas de servizos enerxéticos. Prestación de servizos sociais. Actividades de lecer, recreativas e deportivas. Artesanía e actividades artesanais. Actividades baseadas nas novas TIC, innovación tecnolóxica e comercio electrónico. Actividades nos sectores da enxeñaría, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial e veterinaria. Comercio polo miúdo de produtos non incluídos no anexo I do TFUE. Creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras. Mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas dos establecementos de restauración xa existentes. Exclúense as actuacións en bares e cafeterías. Aloxamentos turístico investimentos destinados ao aumento de categoría do establecemento e accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.